



BASES DO DESFILE-CONCURSO

1º.- A participación no desfile-concurso do Antroido 2012 supón a aceptación das presentes bases reguladoras. A participación está aberta a tódalas asociacións, barrios, comunidades, colexios e persoas que o desexen.

2º.- O desfile do Antroido 2012 terá lugar o martes 21 de febreiro de 2012. Comezará ás 17:30, debendo os concursantes presentarse entre as 16:30 e 17:00 horas na Estación do Ferrocarril. O itinerario do desfile, será o seguinte: **SAÍDA: ESTACIÓN DO FERROCARRIL pasando polas rúas Romero Donallo, Santiago de Chile, Frei Rosendo Salvado, Praza Roxa, República do Salvador, Hórreo, Senra, para rematar na Avda. de Xoán Carlos I.** Unha vez rematado o desfile as carrozas aparcarán na Avenida de Coruña e as comparsas participantes irán ao Paseo Central da Alameda.

3º.- A inscrición para o desfile-concurso formalizarase na **Concellaría de Festas** sita na Rúa Nova, 21, ata as **14:00 horas** do día **20 de febreiro** (Rúa Nova, 21. Teléfono 54 23 47. Fax: 981 54 23 48 Teatro Principal.). Cada carroza, comparsa e grupo contarán cunha persoa responsable, maior de idade, que será en calquera caso a única autorizada para cobrar no caso de concederlle algún premio.

4º.- A organización velará en todo momento polo correcto funcionamento do desfile, podendo impedir a participación por motivos de seguridade.

5º.- O Xurado comporase das seguintes persoas:

Presidente: O Alcalde ou Concelleiro no que delegue.

Vocais: un representante de cada grupo político con representación no Concello; un representante da Asociación da Prensa; un representante da Escola de Artes Aplicadas Mestre Mateo; un representante da Universidade; un representante do movemento veciñal, outro do movemento cultural da nosa cidade e outro das asociacións xuvenís así coma un representante do Museo do Pobo Galego. Estes vogais serán invitados polo concello para formar parte do Xurado.

Fará de **Secretario/a** do mesmo un funcionario/a do Concello.

6º.- A decisión do Xurado será inapelable.

(As comparsas, carrozas, parellas e disfraces individuais, levarán un número de identificación no desfile que se lles facilitará no momento da inscrición e que deberá ser presentado en caso de ser premiados para poder cobrar os premios así como o D.N.I . Os premios concederanse na Carpa da Alameda despois da deliberación do xurado. De non ser retirados ese día, os gañadores terán ata o día 29 de febreiro para poder recollelos no Teatro Principal. No caso de non ser retirados nesta data, a organización entende que se renuncia ao mesmo).

7º.- Sobre as Carrozas.

Enténdese por Carrozas calquera elemento móbil, a motor ou non. As carrozas non deberán en ningún caso exceder as seguintes medidas: 2,50 metros de ancho por 4,20 de alto e nunca máis de 9 metros de longo. Todas as carrozas que se presenten ao desfile deberán presentar xunto coa ficha de inscrición unha descrición detallada segundo a ficha de inscrición.

Todas as carrozas de tracción mecánica deberán ter os permisos de circulación en regra, así como ser conducidas por persoal debidamente cualificado cos carnés pertinentes. En ningún caso a organización é responsable de calquera mal uso dos vehículos tractores e elementos inseguros.



ANTROIDO 2012



8º.- Sobre as Comparsas.

Enténdese por Comparsas aquelas agrupacións que baixo un tema común sexan de polo menos 10 persoas.

9º.- Sobre os Grupos.

Enténdese por Grupo aquela agrupación que baixo un tema común sexa maior de 2 persoas e menor de 10.

10º.- AS CATEGORÍAS E PREMIOS DESTA EDICIÓN 2012 SERÁN:

PREMIOS CARROZAS

1º PREMIO	2.000,00€.-
2º PREMIO	1.300,00€.-
3º PREMIO	600,00€.-
4º PREMIO	450,00€.-
5º PREMIO	300,00€.-

PREMIOS COMPARSAS

1º PREMIO	2.000,00€.-
2º PREMIO	1.300,00€.-
3º PREMIO	600,00€.-
4º PREMIO	450,00€.-
5 ACCESITS	150,00€.-

PREMIOS AOS GRUPOS

1º PREMIO	400,00€.-
2º PREMIO	250,00€.-
3º PREMIO	150,00€.-

PREMIOS Á MELLOR PARELLA

1º PREMIO	300,00€.-
2º PREMIO	180,00€.-
3º PREMIO	120,00€.-

PREMIOS AO MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL

1º PREMIO	150,00€.-
2º PREMIO	90,00€.-
3º PREMIO	60,00€.-

PREMIOS ESPECIAIS Á MELLOR COMPARSA PROCEDENTE DAS PARROQUIAS E BARRIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (premios incompatibles cos anteriores)

1º PREMIO	600,00€.-
2º PREMIO	450,00€.-
3º PREMIO	300,00€.-

(Os concursantes só poderán levar un premio na categoría na que participan)